


ORZAMENTO CIDADÁN

Un instrumento de transparencia



ORZAMENTO CIDADÁN

Un instrumento de transparencia

PRÓLOGO

Unhas contas para entender Galicia



Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente da Xunta de Galicia

De seguro que a gran maioría dos cidadáns terán visto noticias ou declaracións ao redor da elaboración e aprobación dos orzamentos da Xunta de Galicia. Non en van as contas da Administración constitúen unha peza fundamental na acción de Goberno. Son a nosa folla de ruta: nela están plasmadas as nosas prioridades, os nosos obxectivos e a nosa visión de futuro.

Con todo, a pesar da relevancia que teñen os orzamentos, poden resultar difíciles de descifrar para as persoas non familiarizadas, en tanto constitúen un documento moi técnico e extenso. Por iso, no Goberno galego decidimos dar un paso máis e, desde o ano pasado, presentamos un Orzamento Cidadán no que explicamos, de forma sinxela, os aspectos máis fundamentais das nosas contas.

É o noso deber, como servidores públicos que somos, facilitar a información non só de forma transparente, senón de xeito comprensible e accesible para todo o mundo. Unha sociedade informada é sempre unha sociedade mellor, máis sólida, cohesiónada e participativa.

Así, quen abra estas páxinas poderá entender a complexidade de elaborar os orzamentos e, sobre todo, poderá ver cales son as metas deste Goberno: unha sanidade, educación e sistema de coidados máis robustos; unha fiscalidade que axude e non castigue; unha aposta por unha Galicia máis competitiva; e unha rigorosidade contable que permite que, por primeira vez en 16 anos, a comunidade non teña que recorrer ao endebedamento.

En definitiva, aquí están recollidas as cifras da Galicia que queremos e pola que traballamos, unha Galicia na que todos tomamos parte. Este documento é a mellor proba.

Presentación do Conselleiro



Miguel Corgos López-Prado

Conselleiro de Facenda
e Administración Pública

Presentamos por segundo ano consecutivo este Orzamento Cidadán para consolidar unha ferramenta esencial de mellora do coñecemento dos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, deseñado para achegalos á maior parte da poboación.

Somos conscientes da complexidade de entender os múltiples documentos que conforman os orzamentos e, dentro do noso obxectivo de mellorar a transparencia e fomentar o debate e a participación cidadá en torno aos orzamentos da comunidade autónoma, elaboramos este documento que persegue unha achega máis doada ao plan económico da Xunta para o presente exercicio. Ademais, este documento dá cumprimento á demanda das principais institucións de transparencia das contas públicas como son a OCDE ou o FMI.

Este Orzamento Cidadán tenta explicar, de forma sinxela, cales son as prioridades de gasto da Xunta de Galicia e de onde obtén os recursos precisos para atendelas, para que a cidadanía coñeza a que se dedican os seus impostos. Tamén como e cando se elaboran as contas públicas e como se van executando ao longo do ano.

Presentamos, en fin, un documento que afonda en materia de transparencia e que deixa ver de que xeito as contas galegas do 2024 invisten nas PERSOAS co reforzo dos servizos públicos autonómicos e do apoio aos que máis o precisan; invisten no FUTURO con investimentos produtivos en transición verde e dixital que xeren novos empregos no futuro; e que invisten en ESTABILIDADE cunhas finanzas solventes e que consolidan os beneficios fiscais para a cidadanía sen xerar nova débeda.

Táboa de contidos

01

Que é o orzamento?

02

Como se elabora
o orzamento?

03

O Orzamento de 2024

04

Os gastos

05

Os ingresos

06

Máis información



01

10

Que é o orzamento?

QUE É O ORZAMENTO?

Que é o orzamento?

O orzamento é o documento anual, aprobado polo Parlamento de Galicia en forma de lei, que detalla o límite de gasto e os ingresos estimados que se precisan para sustentar a actuación da administración autonómica.

Ademais, tamén supón un instrumento de control do Goberno, que non pode gastar máis do autorizado polo Parlamento nin destinalo a outras finalidades.

Para a elaboración do Orzamento é preciso realizar unha estimación das principais variables económicas, que permitirán prever os ingresos dispoñibles. Adicionalmente, os orzamentos deben recoller as prioridades de actuación do goberno en función da situación económica e social de cada momento. Estas análises explícanse no apartado "Contorna socioeconómica".

Para 2024,
recolle unha
cifra de gasto
total de **13.257**
millóns de
euros



QUE É O ORZAMENTO?

Conceptos para entender o orzamento

O orzamento consolidado

O orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia é un orzamento consolidado, no que se contemplan:

- **O orzamento da Presidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia,**
no que á súa vez se inclúen os orzamentos dos órganos estatutarios e consultivos:

Parlamento, Valedor do Pobo, Consello de Contas, Consello Económico e Social, Consello da Cultura e Consello Consultivo

- Os orzamentos das entidades do sector público autonómico:

Organismos autónomos, como o SERGAS

Axencias públicas, como a Axencia Tributaria de Galicia

Entidades públicas empresariais, como Augas de Galicia

Consortorios, como o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Sociedades mercantís públicas, como Redes de Telecomunicación Galegas (RETEGAL)

Fundacións do sector público, como as Fundacións de investigación sanitaria

O equilibrio orzamentario

No momento de elaborar os orzamentos, o total dos gastos ha de ser igual ao total dos ingresos. Cando a previsión dos ingresos é inferior aos gastos, existe déficit e debe recorrerse á débeda.



A débeda pública

Son os cartos que a comunidade autónoma pide prestados nos mercados financeiros para financiar o déficit.



Gastos non financeiros

En xeral, neste orzamento cidadán, cando falamos dos gastos, referímonos aos gastos non financeiros, que son todas aquelas partidas destinadas a actuacións de gasto (gastos de persoal, gastos de funcionamento, investimentos e axudas).



Non se inclúen neste concepto os importes dedicados a amortizar cada ano a débeda pública que vence ou a financiar os préstamos que concede a Xunta.

Teito de gasto

Para disciplinar o proceso de orzamentación apróbase o teito de gasto, que é a cifra máxima que poden alcanzar os gastos non financeiros nos orzamentos, e que se calcula a partir dos ingresos que se prevé recadar cada ano.



Investimentos

Recollen as partidas destinadas á construción de infraestruturas (como edificios ou estradas) e á adquisición de bens inventariables (como maquinaria, vehículos ou equipos informáticos), ou para a adquisición de activos intanxibles como os programas informáticos ou I+D+i. Estes investimentos son gastos que se precisan en varios exercicios orzamentarios.



Subvencións

Recollen as partidas destinadas a promover ou financiar actuacións ou investimentos doutras entidades ou persoas. Poden ser correntes (cando se conceden para o fomento dunha actividade ou para cubrir determinados gastos) ou de capital (cando se conceden para realizar investimentos).



QUE É O ORZAMENTO?

O ciclo financeiro

Unha xestión orientada a resultados implica que o orzamento anual estea aliñado coa planificación estratéxica, entendida como o proceso polo que se establecen as metas que se pretenden acadar a medio prazo e se define o camiño para acadalas.

Vinculación entre a estratexia e o orzamento

1. Planificación estratéxica

- Elaboración dun [Plan Estratéxico](#) a medio e longo prazo no que se fixan os retos (a Galicia que queremos para o futuro), os obxectivos estratéxicos e as principais liñas de actuación para acadalos.
- Elaboración de **Plans Sectoriais** que presentan de forma integrada os obxectivos perseguidos nos ámbitos concretos nos que se desenvolve a acción de cada departamento (Sanidade, Educación, Turismo, etc.).

2. Marco financeiro plurianual


- **Marco financeiro plurianual:** o orzamento anual elabórase no marco dunha estimación financeira a varios anos, calculada valorando as actuacións que se repiten e os investimentos que duran varios anos.

3. O orzamento anual

- **O orzamento anual** provee os recursos financeiros para desenvolver as actuacións conducentes a acadar os obxectivos establecidos cada ano.



PEG 2030



En resumo, o Plan Estratéxico recolle as liñas de actuación para acadar as metas de futuro; mentres que nos orzamentos anuais se recollen os proxectos concretos dentro desas liñas de actuación adaptados ás necesidades e recursos de cada ano.



QUE É O ORZAMENTO?

Plan Estratéxico de Galicia - PEG 2030


O Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 (PEG2030) é o terceiro plan estratéxico de Galicia e continúa a senda da xestión pública encamiñada a resultados.

O PEG2030 é un documento elaborado pola Xunta coas achegas da sociedade civil (expertos universitarios, outras administracións públicas, sindicatos, asociacións de empresarios, organizacións non gobernamentais...) e aprobado polo Parlamento de Galicia, no que se fai unha diagnose da situación socioeconómica de Galicia, se analizan os seus principais retos de futuro, se establecen as prioridades e obxectivos para 2030 e se deseñan as liñas estratéxicas coas que se pretende alcanzar eses obxectivos. Ademais, serve para vertebrar a planificación sectorial.

Finalmente, prevé a elaboración de informes anuais de valoración do grao de avance acadado nos obxectivos fixados.


[Accede ao PEG 2030](#)

Fases de elaboración de PEG2030



A execución das actuacións previstas nos orzamentos anuais conducirá a alcanzar os obxectivos estratéxicos e a cumprir os nosos retos de futuro.

Finalmente, o PEG2030 recolle unha serie de indicadores que permiten facer un seguimento anual do grao de cumprimento dos obxectivos estratéxicos.

QUE É O ORZAMENTO?

Metas do PEG 2030

01 Acadar a **converxencia con España** en termos de renda bruta dispoñible e superar o 90% do PIB per cápita da Unión Europea.

02 En emprego, **aumentar un 10%** a taxa de **ocupación**; rebaixar a **taxa de paro** ata o **8%**; reducir á metade o desemprego xuvenil e diminuír 6 puntos a temporalidade.

03 En saúde e a calidade de vida, aumentar de **18 a 23 os anos** de vida saudable ao chegar aos 65 anos.

04 No eido educativo, consolidar o sistema galego entre os mellores de España, reducindo noutros 5 puntos, **ata o 6,5%, a taxa de abandono escolar temperá**; e mellorar o rendemento do alumnado medido por PISA.

05 **Reducir as emisións** de efecto invernadoiro ata o **55%** respecto a 1990.

06 Aumentar o **peso das enerxías renovables** ata acadar o 58% no consumo total e que en 2030 o 85% da enerxía eléctrica proceda de fontes renovables.

07 Incrementar as **exportacións**, aumentando a base de empresas exportadoras, ata o 45% do PIB, 10 puntos máis que na actualidade; e **ampliar o tamaño medio** das empresas nun 15%.

08 Duplicar o **gasto en I+D+i** ata aproximalo ao 2% do PIB.

09 Diminuír a taxa de risco de **pobreza e exclusión social** ata o **14%**, para diminuír en **150.000** o número de persoas en situación de pobreza.

10 **Eliminación das fendas de xénero**, cunha equiparación das taxas de ocupación feminina e masculina.

QUE É O ORZAMENTO?

Estrutura do PEG 2030

O PEG2030 consta de cinco eixes, que se concretan en 21 prioridades de actuación, que á súa vez se desenvolven en 70 obxectivos estratéxicos. A continuación recóllese como se distribúe o orzamento de 2024 nestas 21 prioridades de actuación.

Eixe	Prioridades de actuación e dotación no Orzamento 2024			
1 O reto demográfico (6.130)	Emprego	Benestar	Vivenda	Sanidade
	450	267	166	5.247
2 Galicia verde e sostible (517)	Economía baixa en carbono	Mobilidade sustentable	Emerxencias e cambio climático	Crecedemento sostible
	88	81	219	129
3 Competitividade e crecedemento (1.805)	Investigación e innovación	Transformación dixital	Competitividade das PEMES	Infraestruturas
	301	211	213	291
	Sector primario	Turismo		
	653	136		
4 Cohesión social e territorial (4.017)	Educación	Integración social	Cultura e lingua galega	Cohesión territorial
	2.821	1.008	119	69
5 Gobernanza (788)	Boa administración	Finanzas sustentables	Autogoberno	
	300	287	201	

• Datos en millóns de euros

02

Como se elabora o orzamento?

COMO SE ELABORA O ORZAMENTO?

Contorna socioeconómica

A conxuntura económica e as características xeográficas e sociais de Galicia inciden directamente nas necesidades que se priorizan nos orzamentos:

- Unha poboación máis envellecida precisa uns servizos públicos socio-sanitarios con maiores requirimentos.
- Un territorio coa pobación máis diseminada provoca máis custos de infraestrutura e loxística para a prestación de servizos.



PIB (2022)
70.727 millóns€



Poboación ocupada (2023)
1.129.300



Taxa de paro (2023)
9,7%



Poboación >64 (2023)
710.002 habitantes



Extensión
29,576,7 km²



Poboación (2023)
2.696.177 habitantes

Poboación e territorio

- Os datos do INE a 1 de xaneiro de 2023 indican que Galicia contaba con 2.696.177 habitantes, o 77% deles residentes nas provincias de A Coruña e Pontevedra.
- Na mesma data en Galicia, o 26% da poboación era maior de 64 anos, mentres que no resto do territorio nacional a porcentaxe é inferior ao 20%.
- Galicia conta coa maior dispersión poboacional de España. Galicia concentra 30.432 entidades singulares de poboación, o 49% do total de España.



Provincia	Habitantes
A Coruña	1.123.426
Lugo	323.956
Ourense	304.550
Pontevedra	944.245
TOTAL	2.696.177


Ocupación e paro

A **poboación activa** é a poboación de 16 ou máis anos que traballa (**poboación ocupada**) ou que está buscando activamente un traballo (**poboación parada**).

- En Galicia a poboación activa é de 1.251.000 persoas (EPA xaneiro 2024) e representa un 46% da poboación total, mentres en España é dun 51%.
- En Galicia a poboación ocupada ascende a 1.129.300 persoas (EPA xaneiro 2024) e a súa evolución a partir do ano 2014 é a seguinte:


COMO SE ELABORA O ORZAMENTO?

Poboación ocupada 2014-2023



- No ano 2023 a poboación parada en Galicia ascendeu a 121.700 persoas (EPA xaneiro 2024), o que representa un 9,7% da poboación activa. A taxa nacional de paro foi para o 2023 do 11,7%.

Poboación parada 2014-2023




A previsión para o ano 2024 é que Galicia acade unha taxa de paro do 9,4%.

O Produto Interior Bruto (PIB)

- O Produto interior bruto (PIB) é unha cifra que cuantifica a riqueza da comunidade autónoma, medida como o valor de todos os bens e servizos finais producidos en Galicia nun ano.
- O PIB nominal mide esa riqueza en euros correntes. Para o ano 2022 o PIB nominal de Galicia foi de 70.727 M€.
- O PIB real mide esa mesma riqueza pero sen ter en conta o efecto da variación dos prezos.
- Neste gráfico pode observarse a evolución do PIB nominal de Galicia e os efectos das crises do 2008 (crise financeira) e do 2020 (pandemia).

Evolución do PIB nominal de Galicia 2000-2022




COMO SE ELABORA O ORZAMENTO

PIB per cápita

- É o resultado de dividir o PIB entre o número de habitantes. Con esta cifra mídese a riqueza xerada por cada galego/a. Cos últimos datos definitivos publicados (correspondentes a 2022), o PIB per cápita de Galicia é de 25.906 euros e representa o 92% da media de España.
- O PIB per cápita de Galicia vense aproximando ao de España, recortando a distancia dun 22,4% a un 8% nos últimos 20 anos.



Converxencia PIB per cápita Galicia vs España



Déficit orzamentario e débeda pública


- Existe déficit cando os gastos son maiores que os ingresos.
- A débeda pública son os cartos que a comunidade autónoma pide prestados nos mercados financeiros para financiar o déficit.
- As administracións públicas só poden endebedarse para realizar investimentos como escolas, hospitais, residencias de maiores..., que xeran retornos a longo prazo.

- Que un territorio estea endebedado en exceso non depende da contía absoluta da débeda, senón da súa capacidade para devolvela. Por iso medimos a débeda en relación co PIB, ou outra variable indicativa da capacidade de devolución.
- Galicia é a comunidade autónoma que menos se ten endebedado nos últimos anos, tendo a día de hoxe unha débeda per cápita de 4.452 euros, fronte ó resto de comunidades autónomas nas que a media de débeda per cápita é de 6.703 euros (un 50,6% máis).
- A senda descendente da ratio débeda/PIB (porcentaxe que representa a débeda sobre o total do PIB) consolídase nos orzamentos de 2024, que non inclúen endebedamento adicional por primeira vez en 16 anos. Tralo repunte da ratio de débeda como consecuencia da emerxencia sanitaria, Galicia leva tres anos consecutivos de forte redución do endebedamento e pechará o 2023 cunha ratio débeda/PIB do 16,1%, a máis baixa desde 2012.



No terceiro trimestre do 2023 a débeda en Galicia acadou o **16,2% do PIB**, mentres que a media das CCAA situouse no **22,3%**

Ratio débeda/PIB



COMO SE ELABORA O ORZAMENTO?

Proceso de elaboración e aprobación

ENTENDENDO O ORZAMENTO

O orzamento da comunidade autónoma para 2024 debe ser aprobado antes do 1 de xaneiro do 2024.

Para acadar este obxectivo, a Consellería de Facenda e Administración Pública e as distintas unidades da Xunta de Galicia comezan a traballar na súa elaboración no mes de abril de 2023.

O Consello da Xunta debe enviar ao Parlamento o texto do seu proxecto de Lei de Orzamentos antes do día 20 de outubro de 2023.

Despois da súa discusión e aprobación no Parlamento publícase no Diario Oficial de Galicia



Abril-xuño

- Elabóranse as previsións económicas para o vindeiro exercicio
- Orde de elaboración do orzamento coas prioridades e as clasificacións orzamentarias

Xullo

- Peche das cifras de ingresos do sistema de financiamento autonómico e do límite de débeda
- Aprobación do teito de gasto no Parlamento

Setembro

- Asignación de recursos aos proxectos de gasto
- Elaboración das contas de cada consellería

Outubro

- Peche das cifras de gasto e obxectivos
- Aprobación no Consello da Xunta do proxecto de lei


Outubro-décembro

- Remisión ao Parlamento de Galicia (20 de outubro)
- Discusión e aprobación no Parlamento
- Publicación no Diario Oficial de Galicia

O ciclo orzamentario

De acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, corresponde á Xunta de Galicia a elaboración e aplicación do orzamento, e corresponde ao Parlamento o seu exame, emenda, aprobación e control. Ademais, o orzamento queda sometido ao control do Consello de Contas de Galicia.

Así, o ciclo orzamentario comprende unha serie de fases diferenciadas nas que interveñen distintos órganos: a Xunta de Galicia, o Parlamento, as unidades administrativas que executan o orzamento, a Intervención Xeral, o Consello de Contas...



03

O orzamento de 2024

30

O Orzamento nunha ollada


O Orzamento da Xunta de Galicia recolle os ingresos que se prevén recadar e os gastos que a Xunta queda autorizada para realizar no ano 2024.

Para 2024 os orzamentos serán os máis altos da historia de Galicia, con **13.257 M€**, un **5% máis** que no ano anterior, e serán as primeiras contas públicas en 16 anos sen recorrer a endebedamento.



A diferenca do ocorrido durante a pandemia, o crecemento do ano 2024 está baseado en recursos ordinarios.

Evolución dos gastos non financeiros




Nos seguintes gráficos resúmense os estados de ingresos e gastos.

Ingresos (13.326 M€)



Gastos (13.257 M€)



- Sectores produtivos**
Medio rural, pesca, industria, enerxía, minas, empresa, comercio, turismo...
- Outras partidas**
Órganos estatutarios, protección civil, ordenación do territorio, normalización lingüística...



- 834 M€**
receitas médicas
- 748 M€**
Gasto en Atención Primaria
- 316 M€**
Infraestruturas e equipamentos
- 513 M€**
financiación Sistema Universitario
- 968€**
custe medio por alumno/a nos comedores escolares
- 1.537,5€**
custe medio por alumno/a do transporte público escolar
- Máis de 73.000**
dependentes atendidos
- Máis de 15.000**
prazas en residencias de maiores
- 100 M€**
para o Bono Coidado no Fogar
- Máis de 31.000**
prazas gratuítas en escolas infantís

Prioridades nos orzamentos de 2024

Os recursos orzamentarios do ano 2024 estarán orientados:


- ás **persoas**, co reforzo dos servizos públicos autonómicos e apoio ás persoas que máis o precisan,
- ao **futuro**, para sentar as bases do crecemento e emprego futuros,
- á **estabilidade**, con finanzas solventes e consolidación dos beneficios fiscais.

1. Investir nas persoas:

- Reforzaranse os servizos públicos autonómicos apostando especialmente pola modernización do servizo de **saúde** e da educación e políticas sociais,
- coa inclusión de **novas prestacións e servizos**, en especial aos maiores, e reforzando o **apoio ás familias** e as políticas de **vivenda**,
- ademais de manter o apoio ás persoas que máis o necesitan, impulsando **medidas de integración** no mercado de traballo e loita contra a exclusión social.

Co obxectivo de investir nas persoas, para o exercicio 2024, considérase unha prioridade reforzar o gasto social, a sanidade, a educación, as políticas sociais e o emprego.

Este esforzo dá como resultado unha achega de **9.774 M€** para gasto social, 1.234 M€ máis que hai tres anos.



PRIORIDADES DE GASTO

En 2024 adicaranse á **sanidade pública 5.165 M€**:

- Destinaranse **255 M€** a infraestruturas e equipamentos en atención hospitalaria e **61 M€** en atención primaria. O centro de protonterapia contará cunha achega neste ano 2024 de **14,8 M€**.
- O programa de vacinación concentrará **39,7 M€**. Desenvolveranse accións de prevención (3 M€ para cribados poboacionais). Ao tratamento de adicións adicaranse **7,7 M€** e á saúde mental **14,5 M€**.
- Promocionaranse hábitos de vida saudables, comezando nas idades máis temperás, destacando o Bono deportivo por **16,2 M€**.

Adicaranse ao **ensino público 2.858 M€**:

- Destinaranse **24 M€** á atención á diversidade e garantía da equidade, **11,5 M€** a actuacións de mellora funcional e de sinalética nos centros públicos e crearanse novos postos escolares (novos centros ou ampliación dos existentes).
- Destinaranse **25,1 M€** ao Programa de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio, **12 M€** á dixitalización do sistema educativo e **22 M€** á mellora das capacidades dixitais.
- Levarase a cabo o redimensionamento da oferta de FP, ao que se destinarán **7,7 M€** e adicaranse **4,6 M€** á formación modular de novas capacidades.

Destinaranse a **políticas sociais 1.303 M€**:

- Destinaranse **14,5 M€** á inclusión sociolaboral de colectivos vulnerables. **27,5 M€** á construción de vivendas en alugueiro social e **49 M€** a axudas para rehabilitación.
- Fomentarase o apoio no coidado de persoas con dependencia, onde destacan **97 M€** do Bono coidado de **5.000 €** ao ano.
- Destinaranse **9,6 M€** á teleasistencia e conectividade das vivendas das persoas que o precisen e proporcionarase un complemento de **1.200 €** para usuarios/as de residencias privadas.

Adicaranse ao **emprego 448 M€**:

- Darase un importante pulo ao emprego autónomo, destinando **29 M€** para impulsar o inicio de actividade económica e o mantemento de emprego das persoas autónomas.
- Adicaranse máis de **50 M€** a obradoiros de emprego e máis de **20 M€** a programas de emprego, formación e orientación.
- Destinaranse **4,4 M€** ao Centro de orientación ao emprendemento e innovación para o emprego e **6,5 M€** no marco do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (SNGX) para potenciar o emprego das persoas mozas.

PRIORIDADES DE GASTO

2. Investir en futuro:

Sentaranse as bases do crecemento e emprego futuros:

- cunhas contas que fomenten o desenvolvemento dos proxectos **transformadores** que Galicia está a impulsar para a **transición dixital, ecolóxica e enerxética**, aproveitando os fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia,
- que fortalecerán **o emprego e a investigación**, facendo fincapé na **modernización do tecido industrial**,
- e apostarán pola mellora da educación, dende a gardería ata a universidade, e polo apoio á **modernización do sector primario**.

Avanzarase na transición ecolóxica e enerxética, incluída a mobilidade sostible, destinando 169 M€:

- Destinaranse máis de **37 M€** á mellora da eficiencia enerxética, destancando **9 M€** para a descarbonización da industria e promoción da ecoeficiencia dos polígonos industriais.
- Impulsarase o emprego de enerxías renovables (**31,6 M€**) e o almacenamento enerxético (**7 M€**).
- Adicaranse **81,3 M€** á mobilidade sostible, destacando **9,4 M€** á mobilidade eléctrica e **21,5 M€** á intermodalidade.

Potenciarase a innovación e a transformación dixital, con máis de 562M€:

- Destinaranse máis de **341 M€** á I+D+i, dos que **211 M€** adicaranse ao sector empresarial, **104 M€** ao ámbito universitario e **26,3 M€** ao ámbito sanitario.
- Destacan **15,2 M€** adicados á biodiversidade, **9,4 M€** ao desenvolvemento da Civil UAVS Initiative (sector aeroespacial) e **9,8 M€** ao impulso a centros tecnolóxicos e de investigación.
- Máis de **210 M€** para a transformación dixital, impulsando a dixitalización nas AAPP (**127 M€**) e no territorio (**36 M€**) así coma a capacitación dixital (**22M€**).



PRIORIDADES DE GASTO

Impulsarase a competitividade das empresas galegas, destinando 213 M€, e as infraestruturas produtivas e de rede, con máis de 290 M€:

- Destacan **26 M€** para inversións en transformación, comercialización e desenvolvemento de produtos agroalimentarios, **25 M€** en proxectos empresariais no marco do FTX.
- Destinaranse **12,7 M€** á modernización, emprendemento e innovación do comercio e as PEMES, **20 M€** a axudas ao investimento produtivo e **4,8 M€** á internacionalización das empresas galegas.
- Destacan **41 M€** destinados á conservación da rede viaria e **9,8 M€** a equipamentos pesqueiros en portos.

Apoiarase o sector primario e a cohesión territorial, destinando máis de 653 M€:

- Os orzamentos contemplan máis de **200 M€** a fomentar a rendabilidade das explotacións agrogandeiras e reducir a pegada medioambiental das mesmas.
- En pesca e acuicultura destacan **26 M€** para investimentos de comercialización e transformación, **20 M€** para investimentos en acuicultura e **17,3 M€** para o desenvolvemento sostible de zonas costeiras.
- Adicaranse **90 M€** a aumentar a produtividade dos montes galegos e o fomento dunha xestión forestal sostible.



3. Investir en estabilidade:

- Cunhas **finanzas solventes**, que non xeran débeda e que consolidan os beneficios fiscais aos galegos e ás galegas para ser unha das comunidades cun mellor tratamento ás rendas medias e baixas,
- que permiten contar con **maior renda a dispor da cidadanía** aproveitando os dividendos do rigor orzamentario,
- e cun dos **menores endebedamentos acumulados** das CC.AA, que permite achegar máis recursos para financiar políticas de gasto e menos ao pago do servizo da débeda.


Que nos permite investir en estabilidade?

- Ser a comunidade autónoma que menos incrementou a débeda desde o ano 2008.
- Estar entre as CC.AA. con menor necesidade de esforzo fiscal para a consolidación fiscal.
- Ter os gastos nos xuros contidos, pese ao cambio de ciclo á alza.
- Ter o terceiro tramo do IRPF máis favorable para as rendas máis modestas.

OS GASTOS

Quen gasta?


A clasificación orgánica ten en conta cal é a Consellería que realiza os gastos. A distribución no orzamento consolidado no 2024 é a seguinte:



Só se están a incluír os gastos das consellerías e os seus entes dependentes

En que se gasta?

A clasificación económica realízase tendo en conta a natureza do gasto: gastos de persoal, servizos exteriores, xuros, subvencións ou investimentos. A distribución no orzamento consolidado no 2024 é a seguinte:



04

Os gastos

OS GASTOS

Para que é o gasto en... Sanidade

O gasto sanitario ten como finalidade prestar uns servizos sanitarios de calidade, especialmente mediante:

- A atención hospitalaria, a través dos **14 complexos hospitalarios**.
- A atención primaria, a través de **máis de 450 centros de saúde**.
- As **receitas e a farmacia hospitalaria**.

Persoal e equipamento

Os datos de persoal e equipamento sanitario en Galicia melloran e están por riba da media de España:

- O número de quirófanos en Galicia sitúase en 11 quirófanos por cada 100.000 habitantes, un 10% superior á media española.
- O número de equipos de hemodiálise en Galicia está en 16,04 equipos por cada 100.000 habitantes, un 41% superior á media española.

O gasto en **limpeza dos hospitais públicos** supera os **69 M€**

Número por cada 1.000 habitantes		
	Galicia	Media
Médicos/as en Atención Especializada (ano 2021)	2,17	2,11
Persoal de enfermería en Atención Especializada (ano 2021)	3,93	3,90
Médicos/as en Atención Primaria (ano 2022)	0,85	0,78
Persoal de enfermería en Atención Primaria (ano 2022)	0,74	0,70

Fonte: Ministerio de Sanidad



256,87€

Asistencia en urxencias (consulta médica)



268,34€

Consulta en urxencias (consulta con atención e seguimento posterior)



528,95€

Tarifa de hospitalización en centros hospitalarios por día de estadia e cama ocupada (No ano 2023 a estadia media foi da contorna de 7,5 días)



105,93€

Consulta presencial de pediatría (O custo é de 64,91€ nas consultas telemáticas)



1.142,47€

Estadia en UVI, UCI ou unidades asimiladas (No ano 2023 a estadia media foi de 8,09 días)



2.133€

Intervención prótese de cadeira (sen incluír o custo do implante, que se sitúa entre os 3.500 e os 12.000€).No ano 2023 implantáronse 3.569 próteses



899,57€

Mobilizar unha ambulancia asistencial de soporte vital avanzado (No ano 2023 realizáronse 26.625 mobilizacións)




7.991,99€

Mobilización dun helicóptero sanitario para traslado de lesionados a un hospital (No ano 2023 realizáronse 969 mobilizacións)

OS GASTOS

O **gasto en atención primaria** (sen incluír o gasto en receitas), está previsto que sexa para 2024 de 748 M€, o que supón un incremento do 7% con respecto ao ano anterior, e un 54% con respecto ao ano 2018.

Gasto en Atención Primaria (M€)



Non inclúe o gasto en receita farmacéutica.

Farmacia Hospitalaria

A Xunta destinará 563 M€ a farmacia hospitalaria co fin de garantir que a cidadanía galega teña acceso a aqueles tratamentos que necesite, con independencia do seu custo.

- Trátase dun investimento destinado a garantir que a cidadanía galega teña acceso a aqueles tratamentos que necesite, con independencia do seu custo.


Exemplos:

- Casos como os dos dous nenos recentemente diagnosticados de **atrofia muscular espiñal** a través do novo **cribado** implantado en Galicia. Estímase que o tratamento custa arredor de 1 millón de euros.
- Os medicamentos CAR-T, que constitúen unha nova estratexia terapéutica para patoloxías de especial gravidade. 26 tratamentos administrados dende a súa incorporación á sanidade galega.

Financiamento da receita farmacéutica

- A previsión do gasto en receitas para 2024 estímase en **834 M€**.
- No 2022 dispensáronse máis de **47 millóns de receitas**.
- No ano 2023 a media de receitas expedidas a persoas de máis de 74 anos roldou as 65.


Media de receitas por idade (ano 2023)



Gasto en receitas por habitante (ano 2022)



Previsión gasto per cápita en receitas para 2024



OS GASTOS

Ortoprótese

Outra prestación fundamental financiada polos Orzamentos e que vai directa á cidadanía é a ortoprótese. **Incrementábase nun 14,5 % ata os 18,6 M€.**

Este gasto serve para financiar, entre outras cousas, cadeiras de rodas, muletas, corsés, próteses...



Investigación sanitaria

Este ano, os Orzamentos incorporan por primeira vez as tres fundacións de investigación sanitaria de Galicia, que os orzamentos de 2023 aprobaron integrar no sector público autonómico. Tras a modificación dos seus estatutos, a integración farase efectiva no 2024.

Súmanse os seus **43 millóns de euros**, co obxectivo de impulsar a xestión do coñecemento e a investigación sanitaria.

Educación

A Xunta de Galicia financia o funcionamento de toda a formación pública obrigatoria (Educación Infantil de 3 a 6 anos, Primaria, Secundaria, Formación Profesional Básica) e non obrigatoria (Bacharelato, Formación Profesional Media e Superior, etc.), achega a maior parte do financiamento das tres universidades públicas do Sistema Universitario Galego e financia a educación concertada, especialmente en Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

Atende a máis de 310.000 alumnos/as en:

- **1.073 centros públicos** nos que se imparte Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato, Formación Profesional, Educación de Adultos e Educación Especial.
- **131 escolas oficiais** de idiomas ou de arte e deseño, conservatorios de música e danza, así como outras escolas de música e danza.

A Xunta financia un sistema universitario con tres universidades nas que estudan máis de **61.780 alumnos/as** (curso 2022/2023).

- As **taxas universitarias** seguen conxeladas desde **2010**.
- O prezo medio dun **crédito en Galicia é de 11,89€**, tanto en grao como en máster.
 - Media de España: 15,48€ en grao (un 30,5% superior).
 - Media de España: 27,93€ en máster (un 19,4% superior).

O custo para a Xunta dunha praza de educación pública non universitaria é de **7.747€/ano**

Gasto en cada alumno/a universitario: **8.595€**, un 16,5% superior á media de España

513 M€ para financiar o sistema universitario galego

OS GASTOS

Axudas para libros de texto e material escolar.

- Axudas para material escolar: 9,7 M€.
 - 130.000 beneficiarios/as a razón de 75€.
- Axudas para libros de texto: 22 M€.

Máis de 62.000 nenos comen nos comedores escolares dos centros públicos.

- Os prezos do **comedor escolar** mantéñense conxelados no 2024.
- Oito de cada dez usuarios non pagan nada ou pagan un euro por cada comida.
- En 2024 dedicaranse 60 M€ para os comedores escolares.

Máis de 80.000 nenos empregan o transporte escolar gratuíto.

- O custo para a Xunta de Galicia do transporte escolar en 2024 ascenderá a **123 M€**.

Galicia ten unha das mellores ratio alumno-a/profesor-a de España: **9,8 alumno-a/profesor-a** (fronte a un ratio de 11,4 na media de España).

- O 70% das aulas en Galicia teñen 20 ou menos alumnos/as.



O custe medio
para a Xunta
por alumno/a
nos **comedores
escolares
é de 968€**

O custe medio
para a Xunta
por alumno/a
do **transporte
público escolar é
de 1.537,5 €**

Cultura

A Xunta de Galicia dedica un importe de 105,4 M€ para o fomento da cultura e para a protección do patrimonio cultural.

Apoio aos sectores culturais

A Xunta de Galicia apoia a cultura galega a través das liñas de programación e de axudas da Dirección Xeral de Cultura, da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, co fin de potenciar a creación, produción, distribución e proxección exterior dos produtos culturais galegos e favorecendo o desenvolvemento e consolidación dun tecido empresarial sólido e dunha cultura de base ben asentada no territorio.

- Ademais do avance nas estratexias de internacionalización e apertura de mercados exteriores para a nosa cultura, outras **accións destacadas no 2024 son:**

- A renovación do fondo de Atracción de rodaxes audiovisuais.
- Desenvolvemento da Galicia Film Commission.
- Realización de programas de aceleración cultural nas artes escénicas e na música.
- Celebración do 40º aniversario do Centro Dramático Galego.

**Máis de 350.000
visitas en 2023** aos
museos xestionados
pola Xunta



OS GASTOS

Nos últimos cinco anos investíronse 50 M€ para salvagardar os nosos bens culturais, destacando:

- **Plan ‘Catedrais 2021-2027’**, co fin de ordenar as intervencións e investimentos nas cinco catedrais, así como nas concatedrais de San Xiao de Ferrol e de Santa María de Vigo e a antiga catedral de San Mariño de Mondoñedo de Foz.
- **Plan de BICs (bens de interese cultural) do Camiño** que recolle actuacións nestes bens nas distintas rutas do Camiño de Santiago.

Política lingüística

A Xunta de Galicia realiza un labor de promoción do uso do galego en todo o territorio mediante a **Rede de Dinamización Lingüística** que está formada por **246 membros**, con 260 actividades en 2023. Outros programas: **21 Días co galego e+**, **Fala Redes**, **Nadal en Rede** ou o **Proxecto Nós** para situar o galego ao mesmo nivel que as grandes linguas do mundo no ámbito tecnolóxico.



952 certificados

CELGA en 2022

Case **3 M€** para
normalización
lingüística
e promoción
do galego



Promoción do emprego e igualdade

A Xunta de Galicia traballa para mellorar a cualificación profesional das persoas traballadoras, mellorar a competitividade das pemes, facilitar aos colectivos con máis dificultades de acceso a un posto de traballo, potenciar o emprendemento, promover a prevención de riscos laborais e traballar pola igualdade entre mulleres e homes, participando na loita contra a violencia de xénero.

Promoción do emprego

A Xunta de Galicia realiza máis de 4.000 accións formativas cada ano para persoas ocupadas e desempregadas.

- Máis de 54.500 alumnos/as participantes nas accións formativas para o emprego cada ano.
 - Un programa integrado de 12 meses ten un custo para administración de 2.200€ por persoa (o grao de inserción laboral acada o 40%).
 - Un obradoiro dual de emprego de 12 meses custa 26.553€ por persoa (contrato laboral de formación e aprendizaxe cobrando o salario mínimo interprofesional).
- En 2024 destinaranse **29 M€** á promoción do emprego autónomo no marco da **Axenda Impulso Autónomo Horizonte 2027**, que contará con máis de 360 millóns de euros de orzamento global para fortalecer o ecosistema competitivo do traballo por conta propia e potenciar a calidade de novos proxectos ata 2027.



A Xunta de Galicia conta con **54 oficinas de emprego** e un total de **430 orientadores/as laborais**

OS GASTOS

Dentro dos 29M€, está previsto que:

- 19,3 M€ diríxense a financiar o inicio da actividade económica e o mantemento de emprego das persoas autónomas.
- E 9,6 M€ para garantir a cota cero de todos as novas persoas autónomas durante os doce primeiros meses de actividade.
- A Xunta financia as accións formativas para a obtención dun certificado de profesionalidade, que custan 3.798,24€ por persoa. Os certificados de profesionalidade acreditan oficialmente as competencias profesionais para unha actividade laboral. Divídense en tres niveis segundo os estudos precisos para acceder a cada un deles.
- Por outra banda, o custo para a Xunta dacha acción formativa de competencias clave é de 1.160,67€.

Igualdade

A Xunta de Galicia dispón dun Campus Virtual que no ano 2023 emitiu 3.643 certificados de accións formativas en igualdade laboral.

- Curso avanzado online en igualdade laboral (de 35 horas de duración, cun total de 301 persoas participantes en 4 edicións) cun custo aproximado para a administración de 10.000 euros.

En Galicia existen **84 Centros de Información á Muller (CIM's)**.

- Actualmente existen 189 concellos atendidos polos CIM's.

A Xunta destinará

358 M€ ao

fomento e **mellora**

do emprego e á

formación persoas

desempregadas



- Existen da contorna de 220 profesionais traballan nos CIM's que están financiados pola Xunta de Galicia.
- Unha media de 9.500 mulleres en situación de vulnerabilidade atendidas cada ano polos CIM's.

A xunta continuará impulsando no 2024 o **Programa EMEGA**, para fomentar o emprego das mulleres galegas, ao que se destinarán máis de 4 M€. O programa ten en conta, entre outros criterios de valoración, a pertenza a sectores económicos con **subrepresentación** das mulleres ou a contribución á integración laboral de mulleres **vítimas de violencia de xénero, con discapacidade** ou desempregadas de **longa duración**.


Políticas sociais

A Xunta de Galicia financia as políticas de axuda ás persoas maiores, á familia e á infancia, ás persoas con discapacidade, ás persoas en risco de exclusión social, así como as políticas de xuventude e voluntariado.

Múltiples colectivos son atendidos polas políticas sociais:

Maiores

- Máis de **73.000 persoas dependentes** atendidas en 2023.
- En Galicia, o 97,5% das persoas que teñen a súa dependencia recoñecida reciben unha prestación económica ou servizo 8 puntos máis que a media nacional.




OS GASTOS

- Máis de **15.000 prazas** en 2023 sostidas con fondos públicos en **residencias de maiores** e impulsarase un novo modelo de coidados que sitúa á nosa comunidade á vangarda na atención residencial.
- Este ano destinaranse **130 millóns de euros** ao **Servizo de Axuda no Fogar (SAF)**, un 15% máis, para seguir aumentando o número de beneficiarios/as que actualmente se sitúa preto dos 26.000.
- Continuarase a apoiar ás persoas diagnosticadas con ELA cunha axuda de **12.000 euros anuais** a todas aquelas diagnosticadas con esta enfermidade en Galicia. Galicia é a única comunidade autónoma que ten esta liña de axudas, á que destinarase este ano 3 M€.
- Continuaranse incrementando o número de **casas do maior** para chegar a máis concellos do rural e garantir o funcionamento das **125** que están postas en marcha. Investirase neste obxectivo **4,7 M€**.
- Destinaranse **100 M€** ao **Bono Coidado no Fogar**, unha axuda de 5.000 euros ao ano para persoas que son coidadas nas súas casas



Máis de 15.000 prazas sostidas con fondos públicos en residencias de maiores

Orzamento do Servizo de Axuda no Fogar



por un familiar ou outra persoa de confianza. No 2024 esta axuda chegará a 20.000 persoas.

- Tamén incrementarase o **Bono Residencia** cun complemento de 1.200 euros ao ano. Esta medida chegará a 10.000 persoas e supón un investimento de **55 M€**.
- Máis de **700.000 galegos/as** recibirán o novo Carné +65, con descontos e vantaxes en establecementos, comercios e servizos de distintos ámbitos para as persoas maiores.



Familias e infancia

- **Galicia continúa sendo unha referencia na etapa educativa de 0 a 3 anos con máis de 31.000 prazas gratuítas en escolas infantís e 500 prazas en Casas Niño.**
 - En 2024 increméntase nun 9% o orzamento destinado a financiar esta gratuidade en todos os centros de 0 a 3 anos da nosa comunidade, ata acadar os **60 M€**.
 - Con esta medida, o aforro medio das familias é de **2.000 euros** por curso.
- 14.000 persoas beneficiarias da **Cesta Benvida no ano 2023**.
- En 2023 11.000 familias beneficiáronse da **Tarxeta Benvida**, que reciben cada ano entre 1.200 e 3.000 euros anuais. Como novidade, concederase esta tarxeta a mulleres embarazadas a partir da 21 semana de xestación, coa finalidade de que as familias poidan utilizala para compras previas ao nacemento do bebé.
- No exercicio 2023 recibíronse máis de 13.000 solicitudes do **Bono Concilia Familia**.

A gratuidade supón para as familias un aforro medio de **2.000 euros por curso**

OS GASTOS

Persoas con discapacidade

A través do concerto social, no ano 2024 destinaranse máis de **100 M€** para blindar a rede de prazas públicas especializadas na atención á discapacidade. Este investimento supón un incremento do 18% con respecto ano anterior. No 2023:

- 5.800 prazas en centros para persoas con discapacidade.
- 5.000 nenas e nenos beneficiarios das Unidades de Atención Temperá.
- 250 prazas en campamentos específicos para persoas con discapacidade.



Persoas en risco de exclusión

No ano 2023:

- Máis de 75.000 persoas beneficiarias do Bono Social Térmico, para o pago da enerxía para calefacción, auga quente e cociña.
- Máis de 5.500 beneficiarios/as da RISGA cada mes.
- 36.600 persoas beneficiarias do complemento autonómico das pensións non contributivas.
- 3.900 persoas beneficiarias das Axudas de Inclusión Social (AIS).

Xuventude e voluntariado


- Superaranse as 11.200 prazas na Campaña de Verán, colocando de novo a Galicia como a comunidade líder en toda España.
- Máis de 10.000 persoas voluntarias participarán nos programas da Xunta de Galicia.
- 400.000 mozos e mozas con Carné Xove.

Desde o curso
2022-2023 todas
as **escolas infantís**
de 0 a 3 anos
—públicas, de
iniciativa social e
privadas—
son gratuítas

A protección do mar e o apoio ao sector pesqueiro

Axenda da Economía Azul Sustentable de Galicia

- Está á **vanguardia da investigación** como membro activo da comunidade científica:
 - Cun **Plan de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica** que rolda os 7 M€.
 - Apóiasse na **Rede entre o sector pesqueiro e organismos científicos de Galicia e no Observatorio Costeiro de Galicia**.
 - Suma a experiencia dos centros de investigación **Cetmar** e **Intecmar**.
- Constitúese como **espazo de coñecemento** e ten como obxectivo a consecución dunha axeitada remuda xeracional:
 - O **Programa de Ensinanzas Pesqueiras** supera os 10 M€.
 - A liña de axudas para a **modernización da flota** triplícase, ata os 7 M€.
- **Sabe a mar**, porque non sabe a outra cousa:
 - Destinaranse 42 M€ á **dinamización dos mercados** e ao **fomento do consumo dos produtos de calidade diferenciada**.
 - Investiranse 11 M€ na **promoción** dos produtos do mar en **feiras nacionais e internacionais**.
- Garante a **explotación sostible**, a protección da costa e do medio mariño como eixo prioritario de actuación, con varias liñas de axuda:



Un novo **récord**
na exportación
dos produtos do
mar, **superando**
os 2.700 M€

OS GASTOS


- Proxectos colectivos de **mellora das zonas de produción e protección dos ecosistemas mariños** por máis de 2,5 M€.
- Accións de promoción do **desenvolvemento sostible das zonas de produción** por 21 M€.
- Aposta polos **cultivos mariños** e, especialmente, pola **miticultura** e **piscicultura** por máis de 20 M€.
- É unha **potencia portuaria**, unha comunidade de convivencia da actividade industrial e social das vilas nas que se asenta:
 - **Investimentos plurianuais**, dos que se materializarán máis de 14,5 M€.
 - **Plan de Equipamentos Pesqueiros de Galicia 2030**, cun orzamento de 35 M€.
- Aposta polo **Plan da Cultura Marítima de Galicia – Horizonte 2030**, potenciando a conservación dos bens materiais e inmateriais vencellados á actividade marítimo-pesqueira e aos oficios tradicionais:
 - Investirase o dobre nos proxectos dos **grupos de acción local pesqueira**, 20 M€.

Reforzo do**Servizo de****Gardacostas****de Galicia**, con

dous novos

helicópteros e un

orzamento que se

eleva aos **30 M€**

O investimento en economía, industria e innovación

A Xunta de Galicia pretende un maior crecemento económico e, polo tanto, tamén social a través da captación de proxectos industriais e empresariais estratéxicos, da aposta polo autoabastecemento enerxético, do fortalecemento da innovación, do robustecemento da industria e da modernización e expansión de sectores económicos tan nosos como son a artesanía ou o comercio. Todo iso, sen esquecer e poñendo tamén o foco nas familias e nas pemes.



Familias

Nos dous últimos anos:

- **Máis de 32.600 familias beneficiáronse** das axudas para renovar os seus electrodomésticos.
- **Case 800 familias** recibiron axudas para a instalación de caldeiras de biomasa, promovendo ao mesmo tempo o aforro enerxético e o fomento do uso de enerxías renovables.
- **29.400 consultas atendidas** polo Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC) **nos nove primeiros meses de 2023**.
- O IGCC conta con oficinas nas **sete principais cidades galegas** e **atención telefónica en liña**.

Número de
atención gratuíta
do IGCC:

900 23 11 23

OS GASTOS

Empresas e pemes


- Créase a **Oficina Económica** para ofrecer ás empresas unha única canle clara e ben definida para o seu asesoramento técnico-económico e apoio administrativo.
- Amplíase o modelo de **Proxectos Industriais Estratéxicos** aos de menor tamaño a partir de 2 M€ e 25 empregos para facilitar a súa implantación.
- Nova convocatoria conxunta de **Innovapeme e Deseñapeme** para impulsar a transformación e maximizar a competitividade das empresas.

Innovación

- **26 M€** para manter a aposta dos grandes programas de I+D+i no **Polo Aeroespacial de Galicia**.
- **14 M€** para unha **compra privada de innovación** que permita ás empresas galegas situarse á vangarda no deseño e uso de novas tecnoloxías.

En 2022 as
exportacións
das empresas
galegas acadaron
os 29.893 M€

Evolución do orzamento en I+D+i



Industria

- Desenvolverase unha **nova Estratexia de Política Industrial**, con Plans directores, para acelerar proxectos con repercusión directa na nosa contorna.
- Deseñarase un **Plan para a mellora da seguridade industrial en Galicia** co foco posto nas persoas.

Enerxía

- Impulsarase o **binomio industria-enerxía** para velar polo noso medio ambiente e fortalecer o tecido produtivo.
- **7,5 M€** para incentivar **proxectos en vectores estratéxicos** como son o hidróxeno verde e o biogás.
- **10 M€** para o desenvolvemento de **proxectos singulares que reduzan as emisións de CO₂** no uso e transformación da enerxía.
- Crearase **unha sociedade mercantil galega** que permitirá aos cidadáns aforrar na factura da luz con enerxías renovables.



As emisións de
gases de efecto
invernadoiro xa se
teñen **reducido**
en Galicia un 34%
con respecto
a 1990

Comercio e artesanía

- **Fortalecerase a artesanía galega:** buscando o relevo xeracional do sector con programas formativos de oficios tradicionais, e fomentando a colaboración e a innovación para modernizar o sector.
- **Robustecer a marca Galicia Calidade** como símbolo de excelencia da nosa comunidade despois de 25 anos amparando a máis de 150 empresas e máis de 700 produtos.
- **Bono Activa Comercio:** nas dúas últimas edicións máis de 258.200 clientes do comercio de proximidade dispuxeron dun bono desconto de ata 30 euros para as compras nos 6.700 establecementos adheridos.



OS GASTOS

Xustiza, cooperación local, emerxencias e deportes

A Xunta de Galicia exerce as competencias autonómicas en materia de xustiza, administración local, relacións co Parlamento de Galicia, emerxencias, relacións exteriores e coa Unión Europea ou Deportes.

Xustiza

O orzamento destinado á xestión e modernización do sistema xudicial en Galicia ascende a **179 M€** en 2024.

- En 2024 entrará en funcionamento un novo órgano xudicial (xuzgado de Primeira Instancia nº 16 de A Coruña), polo que haberá en Galicia un total de **302 órganos xudiciais**.
- A Xunta financia a construción, o equipamento, o mantemento e os gastos de funcionamento dos órganos xudiciais.
 - Custo medio para a construción e posta en funcionamento de cada órgano xudicial: máis de **943.000 euros**.
 - Os gastos de funcionamento de cada órgano xudicial (incluído o persoal) suman da contorna de **277.000 euros anuais**.
- A Xunta tamén financia o servizo de asistencia xurídica gratuíta (case 14,2 M€ en 2024).

2.783 persoas
empregadas na
administración
de xustiza

Os gastos de
funcionamento
dun órgano
xudicial ascenden
a **277.000**
euros anuais

En 2023 aboaronse
un total de **55.863**
prestacions de
asistencia xurídica
gratuíta en Galicia

O Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) ten a misión de prestar asistencia técnica aos tribunais, fiscalías e xulgados en materia de medicina forense. No ano 2022 o IMELGA:

- Emitiu máis de **24.000 informes de valoración** (física, psicofísica, psiquiátrica, por violencia de xénero...).
- Realizou **2.000 autopsias**, das cales 1.011 foron de morte violenta.

Deportes

O orzamento dedicado en 2024 á promoción do deporte ascenderá a **56,25 M€** que se dedicarán a:

- Preto de 18 M€ para novas instalacións e mellora das xa existentes.
- Apoiar ás **federacións e aos clubs deportivos**.
 - 59 federacións e 1.250 clubs deportivos, percibindo as axudas á súa actividade deportiva por valor de 7 M€.
- Patrocinar aos 240 **equipos galegos de alta competición** (masculinos e femininos).
- Apoiar aos/ás **deportistas galegos/as de alto nivel** (DGAN):
 - A través das bolsas e de servizos e programas como o PROAD ou a Oficina de Atención ao Deportista.



OS GASTOS

- Fomento da actividade física en idade escolar a través do Programa Xogade, con 150.000 **rapaces e rapazas de toda Galicia** e de accións como o **Bono Deporte**.
- **Seguro gratuito de accidentes para os nenos e nenas entre 6 e 16 anos.**

Emerxencias

O orzamento dedicado en 2024 para a xestión de emerxencias e para seguridade pública ascenderá a **30 M€** que se dedicarán a:

- Servizo gratuito de atención á cidadanía a través do **teléfono 112**.
 - Recíbense de media máis de 2.500 chamadas diarias, que dan lugar á xestión de máis de 680 incidencias diarias.
 - No ano 2023 recibíronse un total de máis dun millón de chamadas e as incidencias xestionadas incrementáronse un 5% con respecto ao ano anterior.
- Formación na Academia Galega de Seguridade Pública.
 - Por exemplo, ten formados dende o ano 2009 a 1.898 novos/as policía locais.
- Apoio aos Grupos de Emerxencias Supra-municipais, ás Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil e aos parques de bombeiros comarcais.
 - 10 M€ para financiar os consorcios provinciais de extinción de incendios e salvamento.
- Colaboración transfronteiriza en emerxencias cun investimento de 1.051.000€.

O Bono deporte

destinará **16,2**

M€ para axudar

ás familias cos

gastos asociados á

práctica deportiva

No ano 2023 o

112 respondeu

ás chamadas

en **menos de 7**

segundos.

Cooperación local

A Xunta de Galicia realizará en 2024 unhas achegas ás administracións locais por importe de 602 M€ (un 67% máis que en 2020). Estas achegas divídense en:

- Fondo de Cooperación Local, de acordo co establecido na Lei de Administración Local de Galicia, por importe de 152 M€.
- Achegas mediante convocatorias e convenios das distintas Consellerías, por importe de 450 M€. Por exemplo, para a mellora das instalacións destinadas a prestar servizos municipais, para actuacións medioambientais e de eficiencia enerxética, para axudar ás asociacións veciñais, de mulleres rurais ou de usuarios de auga...

O **99% dos**

concellos están

no plan de loita

contra os niños

de velutina con

91.818 retirados

dende 2020


Infraestruturas e mobilidade

A Xunta de Galicia traballa para a construción, a mellora e o mantemento das infraestruturas viarias de titularidade autonómica; a planificación, ordenación e inspección do transporte; así como a ordenación dos aproveitamentos e das obras hidráulicas, a loita contra a seca ou a xestión do saneamento e abastecemento da auga.

Infraestruturas

As grandes infraestruturas de Galicia son executadas pola **Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)**.

- **Mantemento de 5.515 km de estradas de titularidade autonómica** (máis de 50 M€).



OS GASTOS

- 4.988 Km de estradas e 527 Km de vías de alta capacidade.
- Bonificación das peaxes das dúas únicas autoestradas autonómicas, A Coruña-Carballo (AG-55) e Vigo-Baiona (AG-57):
 - **5,5 M€: esta partida permite manter conxeladas as peaxes** por 2º ano consecutivo aos 28.000 usuarios diarios.
- **165 M€** para a execución das obras de ampliación e mellora dos **grandes complexos hospitalarios** e a construción de **novos centros de saúde**.
 - Novo CHUAC, ampliación do CHUS, reforma do Hospital Arquitecto Marcide, ampliación do Hospital Montecelo, ou novo edificio no Hospital de Ourense.
 - Centros Integrais de Saúde de Ourense e o Olimpia-Valencia de Vigo.
 - Novos centros de saúde en Abegondo, Boborás, Muíños, no barrio lucense da Milagrosa, en Vilagarcía de Arousa.



Mobilidade

A Xunta de Galicia xestiona **3.583 liñas de autobús interurbano, con 56.870 paradas**.

O Plan de Transporte Público da Xunta de Galicia financia o 76% do custo do servizo aos cidadáns en xeral.

- O custo medio dunha viaxe é de 3,93€, pero o cidadán só paga un 24% do custo: **0,94 €**.
- Destinamos case 300.000€/día a financiar o transporte público.

Tamén financia a **gratuidade para persoas mozas e maiores**:

- 160.000 menores de 21 anos dispoñen da tarxeta Xente Nova e viaxan gratis no autobús interurbano e todas as persoas maiores de 65 anos poderán facelo tamén a partir do 1 de xaneiro.

Outras actuacións en materia de mobilidade:

- Co obxectivo de avanzar cara un modelo de mobilidade baseado no uso de modos alternativos ao emprego do vehículo particular, tanto no ámbito interurbano e metropolitano, a estratexia de **Sendas de Galicia**, permitiu poñer en servizo máis **de 250 km de novos itinerarios peonís e ciclistas** en estradas autonómicas nos últimos anos.

A dotación orzamentaria para o ano 2024 permitirá promover novas actuacións nas 11 comarcas da primeira e segunda fase, e iniciar as actuacións dunha nova terceira fase, nas comarcas do Baixo Miño, Condado, Deza, Sarria, Terra de Lemos, Barbanza e Noia.


- **Estacións Intermodais:** en funcionamento en Santiago, Ourense, Vigo e Pontevedra, en obras na Coruña, a piques de comezar en Lugo e en proxecto en Ferrol.
- **Aparcadoiros seguros** para transportistas coa previsión de crear 250 prazas en 2024.

Augas

A través da entidade Augas de Galicia, a Xunta realiza actuacións para:

- Reforzar e mellorar os sistemas de **saneamento**:
 - A Xunta xestiona 28 depuradoras municipais.

En total
dedicarase a
infraestruturas
en 2024
un importe de:
387 M€



OS GASTOS

- O custo para a Xunta de Galicia destas 28 depuradoras é da contorna de 27,6 M€ ao ano.
- Garantir o **abastecemento** de auga á poboación, mediante:
 - Reparación e mellora dos sistemas de abastecemento.
 - Axudas a concellos para reparar fugas e para realizar auditorías das redes de saneamento e abastecemento.
 - Axudas a comunidades de usuarios para dotarse de mellores infraestruturas de abastecemento.
 - Incremento das reservas de auga.
- Na bacía Galicia-Costa:
 - **Reducir o risco de inundacións** con actuacións directas sobre zonas asolagables e mantendo un sistema de previsión de inundación con avisos en coordinación con protección civil.
 - Controlar as verteduras aos ríos. No ano 2022 realizáronse **8.335 inspeccións**.



Medio Rural

A Xunta de Galicia fomenta a gandería, a agricultura e o desenvolvemento rural, encárgase da prevención e extinción dos incendios forestais, e impulsa o desenvolvemento da industrial forestal.

Agricultura e gandería

- Destinaranse preto de **128 M€ á modernización e diversificación** do tecido productivo rural.

12,5 M€ en axudas para **mozos/as** agricultores/as

- Continuaranse a **promocionar os produtos galegos** en feiras e campañas, á vez que se impulsarán os mercados dixitais, cun investimento de máis de **6 M€**.
- Preto de **9 M€ para implantación de sistemas produtivos máis sustentables** (agricultura ecolóxica, conservación de recursos, xestión de subproductos e implantación de nova tecnoloxía e enerxías renovables).
- Máis de **13 M€** para garantir o **benestar animal e vexetal** e loitar contra pragas e enfermidades dos animais e axentes nocivos nos cultivos.
- Máis de **18 M€** destinados a zonas con **limitacións naturais**. Promoverase a investigación pública, innovación, transferencia de coñecementos e formación en materia agroalimentaria.

Xestión forestal

- Fomentarse a diversificación de especies e a **silvicultura preventiva** en zonas afectadas polos incendios, con colaboración público privada, con **1,2 M€**.
- En materia de **incendios**:
 - A Consellería de Medio Rural xestiona ata **7.000 efectivos** durante a época de alto risco de lumes, con arredor de **380 motobombas** e unha **trintena de medios aéreos**.
 - Executarase un sistema público de xestión da **biomasa** para a protección das aldeas fronte aos incendios forestais, con **283 concellos** adheridos.

O **sector cárnico**

achega o **34%** do

valor da produción

final agraria e o

sector leiteiro

produce o **42%** do

leite producido

en España

O **custo medio**

de extinción dun

Gran Incendio

Forestal (maior

500 hectáreas) é

de **900.000 € e a**

mobilización dun

medio aéreo ten un

custo de **6.000€/h**

OS GASTOS

- Convocaranse axudas destinadas á **valorización, transformación e ecoinnovación** de produtos forestais e á dixitalización e mellora da seguridade e saúde na contorna laboral da industria forestal.
- Apoiaranse ás **agrupacións forestais** de xestión conxunta e o **asociacionismo** forestal, cun investimento superior aos **2,1 M€**.

Desenvolvemento das zonas rurais

Destinaranse **11,3 M€** a accións para a recuperación da terra agraria mediante **concentracións parcelarias** e a creación de **polígonos agro-forestais e aldeas modelo** o que, xunto coas axudas ás explotacións, favorecerá a implantación da actividade agro-gandeira, mellorará as condicións das explotacións, fomentará a **fixación de poboación no rural e loitará contra o abandono das terras**.

- Dende o ano 2020 e ata 2023 a Xunta rematou **30 concentracións parcelarias**, que abarcaron unhas 19.826 hectáreas.
- Cada ano se executa un **plan de mellora dos camiños municipais**:
 - A apertura dun novo camiño ten un custe medio para a admnistración de 67.200 €/km.
 - O acondicionamento dun camiño ten un custo medio de 22.000 €/km.

No ano **2023**

extinguíronse

908 incendios

Na actualidade

existen **26 polígonos****agro-forestais** (con9.100 Ha) e **21 aldeas****modelo**

Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

A Xunta de Galicia traballa para a protección do patrimonio natural e da biodiversidade, avaliación do impactomedioambiental da actividade humana, a loita contra o cambio climático, a ordenación do territorio, o acceso á vivenda dos colectivos con máis dificultades e o impulso do asentamento de empresas en Galicia.

Urbanismo Responsable

En 2024, destinaranse:

- Máis de **3 M€** a axudas para que os concellos redacten os seus plans de ordenación.
- **8 M€** para obras de humanización en vilas galegas.
- Dende 2010 téñense destinado preto de **170 M€** aofinanciamento de máis de **420 intervencións urbanísticas**.

Continuarase apostando polo **'fermosismo'**:

- Desde 2021, investíronse 7,6 M€ en axudas para que os concellos humanicen as vilas galegas e corrixan os impactos paisaxísticos. Uns incentivos que xa chegaron a preto de 1.850 particulares e a 150 concellos.

A Xunta tamén promove, a través da sociedade Xestur S.A., a **urbanización de solo residencial e industrial**:

- Nos últimos anos, mobilizouse solo industrial cunha superficie de **5,9 millóns de metros cadrados**, o equivalentea preto de 17 veces o espazo delimitado pola muralla romanade Lugo.

Actualmente

existen **65 parques****empresariais**

promovidos pola

Xunta en toda

Galicia



OS GASTOS

- En 2024 adicaranse máis de **40 M€** para continuar a fomentara instalación de empresas en Galicia. Continuarán asbonificacións no prezo do solo que se veñen aplicando dende2015 e que suman xa **93 M€**.

Construíndo Fogar

A Xunta promove, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), a construción de vivenda pública, tanto para o acceso á vivenda en propiedade como en réxime de aluguer.

- Entre 2015 e 2023 facilitouse o acceso ao seu fogar a 90.000 familias galegas (mediante achegas para compra ou aluguer).
- Actualmente o parque de **vivendas públicas** en aluguer en Galicia supera as **3.800**.
- Dende 2009 entregáronse **4.684 vivendas** de promoción pública, das que 2.403 foron de nova construción.
- Cubrirase o 100% da renda do alugueiro durante cinco anos ás mais de 1.000 familias que son beneficiarias do bono alugueiro social.
- En 2024 destinaranse **73,8 M€** para axudar aos colectivos con máis dificultades para acceder a un fogar, con especial atención á mocidade.
- Destinaranse máis de **55,7 M€** para subvencionar obras de mellora da eficiencia enerxética en máis de 12.500 vivendas.



Medio ambiente

- En 2024 destinaranse algo máis de **5,3 M€** en axudas para continuar fomentando a conservación da **biodiversidade galega** mediante actuacións encamiñadas a:
 - protección dos animais domésticos de compañía abandonados e prever e paliar os danos causados pola fauna silvestre,
 - o fomento da riqueza e xestión dos recursos cinexéticos e piscícolas,
 - e protección e mellora do noso patrimonio natural.
- En materia de residuos:
 - cada día trátanse no complexo medioambiental de Sogama máis de **2,3 millóns** de quilos de residuos urbanos do 94% dos concellos de Galicia.
 - En 2024 destinaranse máis de **26 M€** ao control ambiental e a xestión dos residuos.
- Máis de **27 M€** para **loitar contra o cambio climático** e consolidación dunha estrutura de redes de observación. Aumentarase a capacidade en investigación e innovación en materia de cambio climático e seguirase a impulsar a sensibilización da sociedade sobre as consecuencias das súas actuacións no medio.

3,1 M€ para actuacións nos Parques Naturais, na Rede Natura 2000 e nas Reservas da Biosfera

Sogama trata **400 kg de residuos** por habitante e ano

4 DE CADA 10€ DO ORZAMENTO TOTAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DESTÍNANSE Á ECONOMÍA CIRCULAR E A XESTIÓN DE RESIDUOS

OS GASTOS

Turismo

A través da Axencia de Turismo de Galicia, a Xunta de Galicia coordina e xestiona a política autonómica en materia de turismo e, en especial, impulsa a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Camiño de Santiago

- Cada ano, a Xunta dedica **máis de 6 M€** para a **conservación, mantemento e sinalización dos oito Camiños de Santiago**: francés, de inverno, vía da prata, portugués, Fisterra-Muxía, inglés, do norte e primitivo.
- Estes oito camiños suman en Galicia máis de 1.300 km.
- O custo medio de conservación, mantemento e sinalización ascende a **máis de 4.500 euros por quilómetro cada ano**.

Rede Pública de Albergues

- A rede de albergues da Xunta de Galicia conta con 3.400 prazas.
- Adicionalmente, a Xunta dispón dun gran albergue no Monte do Gozo, con 364 prazas.
- O **Investimento** realizado nos últimos anos na rede de albergues **ascende a máis de 11 M€**.
- O custo para a Xunta do **mantemento anual da rede de albergues** (descontada a achega dos usuarios) é de **2,5 M€**.
- O custo para os peregrinos/as é de 10 euros/noite.



No ano 2023 (ata o
30 de novembro),
máis de 442.000
peregrinos/as
obtiveron a
Compostela

Emigración e retorno

A Xunta de Galicia atende as necesidades da cidadanía galega e as súas entidades nos diferentes países do mundo e traballa para favorecer o retorno e a integración das persoas galegas retornadas.

Retorno

Aínda que as políticas de retorno implican a todas as Consellerías, a Secretaría Xeral da Emigración desenvolve as seguintes actuacións:

- **Oficina integral de asesoramento e seguimento do retorno:** con sedes nas 4 provincias galegas.
 - Atendeu máis de 60.000 consultas desde a súa creación en 2020.
- **Axudas ao autoemprego:** para a posta en marcha de iniciativas empresariais por persoas retornadas emprendedoras.
 - Posta en marcha de máis de 700 proxectos.
- **Bolsas de Excelencia Mocidade Exterior (BEME):** axudas á mocidade galega residente no exterior para realizar un máster nunha universidade galega.
 - 1.500 persoas mozas axudadas con esta liña desde o curso 2017-2018.
- **Axudas extraordinarias ao retorno:** para axudar ás familias retornadas no momento da súa chegada.
 - 4.500 familias axudadas con esta liña desde o ano 2018.



Coa Estratexia
Retorna 2023-2026
espérase conseguir
o regreso de
máis de
30.000 galegos
e galegas

OS GASTOS

Emigración

- **Axudas individuais aos/as galegos/as que residen no exterior:** para os/as galegos/as do exterior que atravesan situacións difíciles nos países nos que residen.
- **Axudas ás entidades galegas do exterior:** para que sigan proxectando a cultura e a imaxe de Galicia.
 - Moitas destas entidades teñen carácter socio-asistencial e desenvolven un labor esencial coas persoas maiores que máis o necesitan.

Facenda e Administración Pública

A Xunta de Galicia exerce as competencias autonómicas relativas á orzamentación e ao control do gasto público, así como aos fondos europeos; encárgase da xestión dos tributos, do endebedamento e da tesourería da Xunta; e dirixe as políticas de función pública, simplificación administrativa e de tecnoloxías da información.

En materia de endebedamento

Galicia presenta un dos niveis de débeda máis baixos das comunidades autónomas.

Polo xeral, o nivel de endebedamento mídese en función da riqueza producida (PIB). Galicia presentou no terceiro trimestre



do 2023 un nivel de débeda do 16,2% do PIB, mentres que a media das comunidades autónomas foi do 22,3%.

As operacións de endebedamento materialízanse a través de préstamos e créditos con entidades financeiras, públicas ou privadas, ou mediante a emisión de bonos.

Estas operacións poden formalizarse a tipo de xuro fixo ou variable, dependendo das circunstancias dos mercados financeiros en cada momento.

A estrutura da débeda da Xunta de Galicia é a seguinte:

O tipo de xuro medio pagado pola Xunta de Galicia nas súas operacións de endebedamento foi do 0,93% en 2022. Na actualidade, como consecuencia da suba dos tipos de xuro con carácter xeral a outubro de 2023, o tipo medio a outubro 2023 foi do 1,37%.

Tesourería

A Xunta de Galicia é unha das administracións que realiza os seus pagos con maior axilidade. Os últimos datos dispoñibles reflicten que:

- En outubro do 2023 o período medio de pago (PMP) de Galicia foi de **14,71 días** fronte aos 27,55 da Administración Central e os 32,71 de media das CCAA.
- Pagos realizados en 2022 (último exercicio pechado): **701.861 pagos**, por un importe total de **11.174 M€**.

Os intereses da débeda suporán en 2024 para Galicia un **1,4%** do total do gasto non financeiro, mentres que para a media das CCA será do **2,5%**



OS GASTOS

Función Pública

Neste ano 2024 convocaranse máis de 1.500 prazas de emprego público co obxectivo de reter e captar talento dos mozos e mozas.

Na actualidade a Dirección Xeral da Función Pública está a xestionar 245 procesos selectivos:

- 211 son procesos extraordinarios para dar estabilidade a aquelas persoas que ocupan un posto de traballo temporal na Administración galega
- e outros 34 procesos para o persoal de novo ingreso e que permitirán que preto de 700 persoas entren a traballar na Xunta de Galicia.

Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)

No ano 2024 estímase que a **Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) atenderá uns 270.000 contribuíntes**, tanto de maneira presencial, nos 48 puntos de información que a Axencia ten distribuídos por toda Galicia, como a través da canle de atención por vía telefónica.

A ATRIGA está a potenciar melloras nos medios de pago de todos os ingresos que xestiona, e xa permite:

- O pago on line (cunha tarxeta de crédito ou débito),
- o pago por Bizum, (para evitar desprazamentos ás oficinas bancarias)
- o pago físicamente nas súas delegacións
- ou o pago mediante xiro postal.

Dende maio de 2023 presta o servizo de confección de autoliquidacións do ITP de vehículos de segunda man (modelo 620) previa solicitude de cita.



Neste ano 2024, a ATRIGA continuará **reforzando e avanzando na información e simplificando a asistencia á cidadanía coa finalidade de contribuír a garantir a prestación dos servizos públicos a todos os galegos e galegas.**

Neste sentido, implantará novos métodos de pago como o pago por transferencia desde entidades non colaboradoras e a domiciliación; a simplificación da linguaxe dos documentos administrativos para facilitar a súa comprensión; e confeccionará o modelo 600 para aquelas transmisións que non son vehículos.

Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)

É a axencia pública autonómica que se encarga da definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia nos eidos das tecnoloxías da información e da comunicación, da innovación e do desenvolvemento tecnolóxico.

Principais liñas de actuación

Capacitación dixital da cidadanía e redución das fendas:

- Un 89,6% das mulleres, e un 89,0% dos homes fixo uso de Internet, coa eliminación da fenda de xénero no uso de Internet..
- Desde a súa creación no 2011, a Rede de Aulas CeMIT e o centro Gaiás Tech leva ofertadas máis de 530.000 horas formativas programadas e acada as 113.426 persoas usuarias; Rede que seguirá mellorando en recursos e contidos.

As persoas maiores

de 65 anos poden

acceder á ATRIGA a

través dunha canle

preferente

Na actualidade

existen

94 aulas CeMIT.

Máis info en:

cemit.xunta.gal



OS GASTOS

Dixitalización das administracións públicas:

- O 86% das presentacións de documentación fanse mediante canles electrónicas.
- Máis de 1,5 millóns de persoas de Galicia dispoñen da Chave 365.
- A canle Dixital para a Xestión do Emprego público (FIDES) recolleu a tramitación de máis de 95.000 inscricións desde a súa posta en marcha.

Educación dixital

- O 100 % das aulas de Infantil, Primaria e Bacharelato son dixitais.
- Libro dixital E-Dixgal: en 630 centros educativos de Galicia, con 64.067 estudantes e 10.687 docentes.

Servizos Sociais

- Transformación dixital de 28 centros residenciais da Xunta de Galicia (Toma automática de biomedidas e Habitación Intelixente).

Sectores primarios

- Licenzas de pesca deportiva no móbil.
- Novo sistema para presentación telemática do caderno de explotación dixital.

Novidades 2024

- Evolución da Aula Dixital: instalación de paneis dixitais de alta prestación no 100% de aulas de Infantil a Bacharelato de centros Edixgal. 4.500 unidades adicionais en 2024.
- Nova APP XuntaEU para o acceso personalizado á relación administrativa coa Xunta de Galicia.
- Fomento da concienciación en ciberseguridade: 250 obradoiros en colexios (7.500 alumnos), concursos de ciberseguridade no cole (máis

Máis de 1,5
millóns de
persoas en
Galicia dispoñen
da **Chave 365**

Nova app
XuntaEU
para o acceso
personalizado
á relación
administrativa
coa Xunta de
Galicia

de 6.000 alumnos), Encontro de ciberseguridade (preto de 3.000 inscritos).

- Elaboración da primeira Lei autonómica sobre Intelixencia Artificial para regular o seu uso na Administración galega.


Gasto por habitante

O gasto por cada habitante da Comunidade Autónoma de Galicia é de **4.424 euros**.

Pero este gasto non é igual en todos os territorios.

- O gasto por habitante está condicionado polas circunstancias poboacionais de cada territorio.

Nas provincias de Lugo e Ourense existe maior dispersión poboacional e máis envellecemento, polo que as necesidades de gasto por habitante son maiores.



05


Os ingresos

82

OS INGRESOS

Como se financian os gastos?

Evolución dos ingresos
2019-2024



• Datos en millóns de euros

Tipos de ingresos

Os ingresos necesarios para financiar as distintas partidas de gastos da Xunta de Galicia proceden de diferentes fontes. Para 2024 a previsión de ingresos é a seguinte:


1. Tributos recadados polo Estado e tributos cedidos: **7.532 M€**
2. Tributos propios: **65 M€**
3. Fondos de nivelación do Sistema de Financiamento Autonómico: **3.345 M€**
4. Transferencias finalistas do Estado: **892 M€**
5. Fondos Europeos Estruturais: **780 M€**
6. Fondos Europeos Next Generation: **508 M€**
7. Outros ingresos: **204 M€**

OS INGRESOS

Como funciona o Sistema de Financiamento Autonómico (SFA)?

Os ingresos do SFA correspóndense principalmente cunha **parte dos impostos cedidos** á comunidade autónoma (unha porcentaxe do IRPF, IVE e impostos especiais que pagan os galegos/as). O Estado fai unha xestión de cobro e despois entrega os cartos recadados á comunidade autónoma.

**Evolución dos ingresos SFA
2019-2024**



Ademais, no SFA tamén se inclúen os fondos de nivelación, que teñen como finalidade garantir o mesmo financiamento por habitante axustado equivalente, independentemente da recaudación tributaria.

Os ingresos do SFA aumentaron un 8,6% con respecto ao ano anterior, ata acadar en 2024 unha cifra de 10.205,8 M€.

Como se calcula o seu importe?

O Sistema de Financiamento Autonómico ten dous compoñentes principais:

- **Pagos a conta:** son o 98% de estimación que fai o Ministerio de Hacienda y Función Pública da recadación para 2023 dos impostos cedidos e dos fondos de nivelación.
- **A liquidación definitiva de dous anos antes (2022):** é a contía resultante de comparar os pagos a conta do ano 2022 coa recadación efectiva dos importes que corresponden á comunidade autónoma, polo que pode ser positiva ou negativa.

Estes importes que se recollen no Orzamento inicial do ano 2024 foron estimados polos servizos da Consellería de Facenda e Administración Pública ante a falta de comunicación no momento de presentar os orzamentos dos recursos do sistema de financiamento por parte do Ministerio de Hacienda y Función Pública.



OS INGRESOS

A variable de reparto fundamental do SFA é a **poboación axustada** (ao ser a variable de reparto empregada no principal fondo do SFA, o Fondo de garantía dos servizos públicos fundamentais).

Para chegar á cifra de poboación axustada de cada comunidade autónoma o modelo actual parte da poboación real (padrón) e logo se modula –para converterse en “axustada”– a través dunha serie de factores demográficos e xeográficos que afectan ao custo de prestación dos servizos (como por exemplo a poboación maior de 65 anos ou a poboación en idade escolar).

Segundo a última liquidación do SFA, Galicia é a comunidade autónoma que está máis preto da media en financiamento por habitante axustado. Sen embargo, a dispersión xeográfica e o envellecemento non están axeitadamente ponderados na poboación axustada.



Galicia representa

o **6,08 %** da

poboación das


CCAA de réxime

xeral e o **6,56%** da

poboación axustada

Que ingresos recibimos do Estado e da Unión Europea?

Chámanse ingresos finalistas aquelas achegas do Estado e da Unión Europea condicionadas á realización de determinado tipo de actuacións, por exemplo: programas de dependencia e emprego, gastos estruturais do FEDER, fomento da agricultura...



Os ingresos finalistas pasan de estar igualados a duplicarse o peso dos fondos recibidos da Unión Europea polas novas iniciativas impulsadas tras a Covid (MRR, REACT, FTX).

OS INGRESOS

Ingresos finalistas do Estado

Son recursos incluídos nos Presupostos Generales del Estado (distintos do SFA) que se distribúen entre todas as CCAA para o desenvolvemento de competencias específicas, en función dunha serie de criterios de reparto obxectivos.

- Son polo tanto transferencias que teñen como destino financiar sectores, servizos, actividades ou materias respecto das cales as Comunidades Autónomas teñen a competencia asumida, polo que corresponde a estas a súa administración e xestión. Destacan as correspondentes a “Fomento da inserción e estabilidade laboral”, “Formación Profesional para o emprego”, así como as destinadas á “Autonomía Persoal e Atención á Dependencia”.
- Tamén se inclúen nestes ingresos finalistas outras transferencias do Estado: son aquelas que proceden de convenios a través dos cales as Administracións Públicas cooperan ou colaboran entre elas para conseguir algún dos seus obxectivos. Destacan as que se refiren ao “Fomento e coordinación da investigación científica e técnica” así como en materia de “Formación do Persoal da Administración”.

O seu importe total no Orzamento para 2024 é de **892 M€**.




Ingresos finalistas da Unión Europea

Unha das magnitudes que máis importancia ten nos ingresos son as achegas finalistas da Unión Europea, que inclúen os fondos FEDER, FSE+, Fondo de Transición Xusta (FTX), Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)...

Gran parte do desenvolvemento que experimentou Galicia nos últimos 40 anos vai ligado aos fondos europeos que recibiu a comunidade autónoma. Desde 1986 ata 2027 Galicia percibirá en global arredor de **30.000 M€ de axudas comunitarias, preto do 50% destes fondos son xestionados pola Xunta.**

Os fondos europeos que se recollen no orzamento do 2024 da comunidade autónoma para 2024 son 1.289 M€.



OS INGRESOS

Cales son os fondos europeos que recibe Galicia?

- **Fondos estruturais (FEDER, FSE+ ou FTX):** enfocados a reforzar a cohesión económica, social e territorial e a corrir os desequilibrios entre países e rexións.
- **Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER):** fináncianse, entre outras, actuacións de investigación, dixitalización da administración e empresas, desenvolvemento e internacionalización empresarial, de transición enerxética, adaptación ao cambio climático e prevención e xestión de riscos, mellora da mobilidade, turismo, cultura e infraestruturas sanitarias, educativas e sociais.
- **Fondo Social Europeo Plus (FSE+):** con actuacións no ámbito do emprego, a inclusión social, a educación e formación e, por vez primeira, actuacións no ámbito da saúde mental.
- **Fondo de transición xusta (FTX):** enfocado a prestar apoio á poboación, a economía e o medio ambiente dos territorios máis afectados pola transición cara á neutralidade climática.
- **Fondos de investimento (FEADER e FEMPA):** enfocados a mellorar a agricultura e o medio rural, á conservación dos recursos mariños, a acuicultura, a pesca...
- **Mecanismo de Recuperación e Resilencia (MRR):** enfocado a apoiar os investimentos e as reformas para lograr unha recuperación sustentable e resiliente, á vez que se promoven as prioridades ecolóxicas e dixitais da UE.



Programación dos fondos europeos estruturais e de investimento europeo 2021-2027


Estes fondos son o FEDER, o FSE, o Fondo de Transición Xusta (FTX), o FEADER e o FEMPA e mobilízanse mediante programas que duran sete anos.

Programas do novo marco 2021-2027, a executar ata finais de 2029. A Xunta de Galicia xestionará **1.500 M€**:

- Programa FEDER Galicia 2021-2027: **940 M€**.
- Programa FSE+ Galicia 2021-2027: **449 M€**.
- Programa do Fondo de Transición Xusta: **111 M€**.

No ano 2024 executaranse os fondos dos programas 2021-2027. Non están previstas anualidades para os programas 2014-2020, pois a súa execución rematou o 31/12/2023. Os fondos do período 2021-2027 poderán executarse ata o 31/12/2029.

Programa Fondos Estruturais e de investimento 2021-2027




OS INGRESOS

Fondos Next Generation

A raíz da pandemia da COVID-19, a Unión Europea estableceu novos mecanismos de financiamento para reparar os danos económicos e sociais inmediatos causados pola pandemia. O obxectivo é acadar unha Europa posterior á COVID-19 máis ecolóxica, máis dixital, máis resiliente e mellor adaptada aos retos actuais e futuros.

Estes fondos, dentro da Estratexia Next Generation, son o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) e o fondo REACT. O MRR, para o que a Xunta contará cun total de 1.529 M€, poderá executarse ata o verán de 2026, mentres que a execución do REACT finalizou no 2023.

Financiación da UE a Galicia 2018-2023



Exemplos de actividades a financiar con ingresos europeos en 2024

FEDER:

- Axudas para o fomento do investimento privado para o financiamento da innovación.
- Axudas para fomentar a cooperación entre as Pemes e os demais axentes do Sistema Rexional de Innovación.
- Actuacións que permitan mellorar a calidade e a personalización dos servizos públicos prestados e que melloren os procesos administrativos e a relación coa cidadanía e a empresa.
- Proxectos de investimento empresarial xeral e en equipamento produtivo.
- Actuacións de renovación profunda e reforma de centros educativos con maior potencial de aforro para mellorar a súa eficiencia enerxética.
- Actuacións que permitan incrementar a implantación de enerxías renovables.
- Actuacións en materia de mobilidade.
- Intervencións ao longo do trazado do Camiño de Santiago en territorio galego.

FSE+

- Itinerarios de inserción socio laboral especializados para diferentes colectivos que se atopan en situación de vulnerabilidade.
- Atención temperá para promover a mellora da autonomía persoal dos nenos e nenas de 0 a 6 anos vulnerables.
- Fomento do emprego autónomo.
- Programas duais de formación e emprego, dirixidos a mellorar a ocupabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas.
- Intervencións para a recuperación de persoas con trastorno mental grave.
- Programa de prevención do suicidio Youth Aware of Mental Health, para menores de entre 12 e 16 anos.

OS INGRESOS

FEADER

- Axudas para investimentos en explotacións agrarias.
- Prevención de danos causados por incendios desastres naturais e catástrofes.
- Axudas a investimentos en transformación, comercialización e desenvolvemento de produtos agroalimentarios.
- Axudas para a modernización e diversificación das explotacións.

FEMPA

- Axudas para investimentos en comercialización e transformación de produtos da pesca e da acuicultura.
- Axudas para investimentos produtivos e creación de empresas na acuicultura.
- Desenvolvemento sustentable de zonas pesqueiras.
- Xestión e conservación de recursos biolóxicos acuáticos.

FTX

- Posta en marcha dun instrumento financeiro para o mantemento e creación de empresas na provincia da Coruña.
- Creación dun centro de formación avanzada en transición dixital e verde.
- Axudas dirixidas a empresas que promovan proxectos tractores de descarbonización e renovación da industria.
- Iniciativas empresariais asociadas á industria de compoñentes de enerxías renovables e do almacenamento enerxético.
- Desenvolvemento dun polo de innovación en enerxías renovables mariñas e almacenamento enerxético na provincia da Coruña.

MRR

- Programa de rehabilitación enerxética de vivendas.
- Execución do plan de sustentabilidade turística.
- Programa de axuda á construción de vivendas en alugueiro social en edificios enerxéticamente eficientes.
- Programa de impulso da escolarización no 1º ciclo de educación infantil con novas prazas de titularidade pública.
- Aparcamientos disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas.
- Programa para a dixitalización do sistema educativo.

- Proxectos sustentables de mantemento e rehabilitación do patrimonio histórico con uso turístico.
- Remodelación da rede de centros de coidados de longa duración.
- Actuacións de mellora da velocidade da conectividade nas Infraestruturas Científicas e Técnicas.
- Proxectos de investigación industrial ou desenvolvemento experimental en materia de intelixencia artificial para abordar os grandes desafíos sociais ou misións de España.
- Capacitación dixital da cidadanía.



Ingresos tributarios e outros

Neste apartado recóllense os tributos que non están incluídos no Sistema de Financiamento Autonómico, así como os restantes ingresos tributarios e non tributarios:

Tributos cedidos e xestionados polo Estado pero non suxeitos a pagos a conta no SFA

- Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte.
- Imposto sobre Depósitos en Entidades de Crédito.
- Imposto sobre a actividade de xogo.

Tributos propios

- Impostos medioambientais.
- Canon de inmoables en estado de abandono.
- Outros tributos, como as taxas.

Outros ingresos como os prezos ou divendos

Tributos cedidos polo Estado xestionados pola comunidade autónoma:

- Imposto sobre Sucesións e Doazóns (ISD).
- Imposto sobre o Patrimonio (IP).
- Impostos sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP e AXD).
- Taxas fiscais sobre o xogo (TFX).
- Imposto sobre Depósito, Incineración e Coincineración de Residuos (IDIRES).

06

Máis información

MÁIS INFORMACIÓN

Que beneficios fiscais hai en Galicia?

Os beneficios fiscais son medidas de rebaixa fiscal que perseguen unha determinada finalidade:


- O apoio ás rendas medias e baixas e a determinados colectivos susceptibles de maior amparo (familias con fillos ou fillas, persoas con discapacidade, mocidade, familias numerosas, vítimas de violencia de xénero, etc.).
- O apoio a determinados sectores estratéxicos da economía galega como o agrario ou os centros históricos, ou para facilitar o acceso á vivenda.
- O incentivo da política industrial e da medioambiental, así como do asentamento no rural.

Os beneficios
fiscais previstos
para 2024
ascenden a **686M**
de euros, dos
que o 89% teñen
carácter social

IRPF (Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas)

- Galicia é das CCAA con maiores incentivos á natalidade con deducións asociadas ao nacemento e ao coidado dos fillos menores.
 - Máis de 33.000 persoas beneficiarias cada ano cun custo para a administración de 11,45 M€.
- Galicia estableceu outras deducións de apoio ás familias, en especial ás familias numerosas.
 - Case 21.800 persoas beneficiarias cada ano cun custo para a administración de 3,78 M€.

- Galicia estableceu dedución polo aluguer da vivenda habitual de persoas menores de 36 anos.
 - Máis de 12.700 persoas beneficiarias cada ano cun custo para a administración de 3 M€.



Novidades tributarias no 2024:

- Na declaración do ano 2023 equipáranse as familias con dous fillos ás familias numerosas cunha dedución de **250€**.
- Duplícase a dedución para as familias de tres fillos/as cunha dedución de **500€** (4 fillos de 750€, 5 fillos de 1.000€, etc.).

ISD (Imposto sobre Sucesións e Doazóns)

- Exentas de tributación as herdanzas que se reciben por vía directa (ascendentes, descendentes e cónxuxes) de ata 1 millón de euros por herdeiro, o que supón que **máis do 99,9% das herdanzas** en Galicia por vía directa están **exentas de tributación**.
 - Máis de 794.000 persoas beneficiarias desde 2016.
- Os mesmos beneficios aplícanse aos pactos sucesorios previstos no dereito civil de Galicia, coñecidos como “herdanzas en vida”.
- Galicia beneficia tamén as herdanzas entre irmáns (o 51 % destas herdanzas non tributan).

MÁIS INFORMACIÓN

ITP-AXD (Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados)

O tipo xeral para bens inmobles pasa do 9% ao 8%. Xunto co tipo xeral existen tipos reducidos:

- Na adquisición de vivenda habitual redúcese ao 7%, ao 6% ou ao 5% nas zonas pouco poboadas (ZPP).
- Na adquisición de vivenda habitual redúcese ao 3% para determinados colectivos: familias numerosas, persoas menores de 36 anos, persoas con discapacidade ou vítimas de violencia de xénero.
- Impostos 0 no rural: o tipo de gravamens é do 0% para compravendas de solo rústico, transmisións de explotacións agrarias e fincas rústicas, adquisicións de inmobles en zonas pouco pobladas e que se afecten a unha actividade económica.

- 163.000 persoas beneficiarias desde o ano 2016.



Novidades tributarias no 2024:

- Redución do 8% ao 6% para a compra de inmobles que vaian ser obxecto de inmediata rehabilitación e que ao termo da mesma teñan uso de vivenda.
- Rebaixa do 8% ao 3% para a compra de vehículos usados.
- E tipo 0% para a compra de vehículos cualificados como de "baixas emisións" e os vehículos de mobilidade persoal.

Beneficios fiscais en taxas e prezos

- Gratuidade universal nas escolas infantís (0 a 3 anos).
- Prezos bonificados nas residencias de maiores, centros de atención a persoas dependentes, centros sociais, residencias de tempo libre e servizo de transporte adaptado.
- Os prezos universitarios son os máis baixos de España.
- Prezos bonificados en ensinanzas especiais (idiomas, música, danza, restauración, deporte), comedores escolares, formación agro forestal e marítimo pesqueira.
- Taxas e outros prezos bonificados para colectivos prioritarios como familias numerosas, persoas con discapacidade, persoas desempregadas, etc.


O total dos
beneficios fiscais
en taxas e
prezos ascende
a 271,4 M€

Que significa que o sistema tributario é progresivo?

O sistema tributario no seu conxunto debe ser progresivo: quen máis ten debe achegar máis recursos para financiar os servizos públicos, por tanto, non é preciso que todas e cada unha das figuras tributarias sexan progresivas, senón o conxunto do sistema.

MÁIS INFORMACIÓN

O imposto que da unha maior progresividade ao sistema tributario é o IRPF.



Neste gráfico pode observarse como o incremento das retribucións conduce tamén a aplicar un tipo de gravame máis alto.

Por exemplo:

- Unha persoa menor de 65 anos sen fillos que teña uns rendementos do traballo de 25.000 euros ao ano tributa (na parte de tarifa autonómica) un 6,55%.
- Esa mesma persoa, se tivese uns rendementos do traballo de 70.000 euros ao ano, tributaría (na parte de tarifa autonómica) un 13,25%.

Que é o imposto sobre depósito e incineración de residuos?

É un imposto creado pola Administración Central e aplicable en todo o territorio nacional.

- Galicia solicitou á Administración Central a xestión deste imposto a partir do 1 de xaneiro de 2023.

Grava o depósito e a incineración e co-incineración de residuos en vertedoiros e plantas de incineración co **obxectivo de incentivar a reutilización e o reciclado de residuos.**

- A cota do imposto calcúlase en función do peso dos residuos que se depositan nos vertedoiros e plantas de incineración.

O imposto ten que pagalo a persoa pública ou privada que deposita os residuos.

No ano 2024 dótese un fondo con **12,1 M€** para financiar actuacións nos concellos que faciliten a reutilización e a **reciclaxe dos residuos**



MÁIS INFORMACIÓN

Existe aínda o céntimo sanitario?

Non, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea ditaminou que este gravame era contrario ao dereito comunitario. Ante esta situación, o Goberno procedeu á súa derogación con efectos dende 1 de xaneiro de 2013.

O que existe actualmente é un Imposto especial sobre Hidrocarburos que consta de dous tramos (un tramo estatal e un tramo autonómico) ambos tramos son recadados polo Estado, aínda que unha parte da recadación está cedida á Comunidade Autónoma. Esta parte é idéntica para todas as comunidades autónomas.



Que é o valor de referencia?

É un valor –determinado pola Dirección General del Catastro do Ministerio de Hacienda y Función Pública– como resultado da análise dos prezos de todas as compravendas de inmobles que se realizan ante fedatario público, e que nunca superará o valor de mercado.

- É un valor determinado obxectivamente para cada ben inmovle
- Correspóndese co prezo máis probable polo cal podería venderse ese inmovle libre de cargas entre partes independentes

Desde o 1 de xaneiro de 2022 o valor de referencia é a base imponible do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados e do Imposto sobre Sucesións e Doazóns para aqueles inmobles nos que estea determinado.

- Estes impostos pagaránse en función dese valor, polo que non serán obxecto de comprobación de valor



